

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA COMISION MUNICIPAL DE GOBERNO  
CORRESPONDENTE O DIA 29 DE XULLO DE 1996.-**

Na Casa do Iltmo. Concello de Ribadavia o día vintenove de Xullo de mil novecentos noventa e seis; ás dúas e media da tarde xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Comisión Municipal de Goberno correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Jaime Dávila Sánchez.- Concelleiros: Don José Pérez Iglesias, Don Amando Martínez Deaño e Don Celso Sotelo Barroso.-

Está presente o Secretario-Interventor accidental, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan selos seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado día 22 de Xullo.

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.

**3.- ESCRITOS DE SEÑORES CIUDADANS.-**

Non houbo.

**4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, ten coñecemento do seguinte:

Da farmaceutica titular, partes quincenais da cloración de augas de abastecemento de consumo público de Sampaio e do abastecemento de Ribadavia.

## **5.- CUESTIONS ECONOMICAS.-**

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda solicitar do INEN ó amparo do Convenio de Colaboración social regulado polo R.D. 1445/82, un traballador para a limpeza de vías públicas ata o 30 de Setembro de 1996.

Tendo en conta que non se remataron os traballos de Rehabilitación da Casa de Dona Nona, e que esta en periodo vacacional a Escola-Obradoiro Avia, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda solicitar o INEN a prórroga ata o 31 de Outubro de 1996 dos dous albaneis de colaboración social ó abeiro do Convenio de colaboración social regulado polo Real Decreto 1445/1982.

A Comisión Municipal de goberno, por unanimidade, acorda a aprobación das minutas de gastos presentadas por Don Antonio Miguez Amil polo seu desprazamento a Vigo co motivo dunha reunión de Turgalicia por importe de 3.696 pesetas e polo seu desprazamento a oficina de Turismo de Ourense, por importe de 1.440 pesetas.

A Comisión Municipal de goberno, por unanimidade, acorda a aprobación da minuta de gastos presentada por Don José Manuel Pérez Otero, polo seus desprazamentos a Santiago os días 23 de Xuño e 3 de Xullo, con motivo dunha visita o Secretario Xeral para o Deporte, por importe de 12.580 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta aprobación a factura presentada por LORMAN Producciones Artísticas, por aluguer, transporte e mantemento dos equipos de luz e sonido co motivo da XII edición da Mostra Internacional de Teatro, por importe de 2.592.600 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación ó Padrón Municipal do Prezo Público pola subministración de Auga Potable, correspondente o 1º bimestre do exercicio de 1996, por importe total de 2.717.834 pesetas.

A Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, presta a súa aprobación ó Padrón Municipal do Prezo Público pola subministración de Auga Potable, correspondente o 2º bimestre do exercicio de 1996, por importe total de 2.717.834 pesetas.

**ADXUDICACION DEFINITIVA DA OBRA DENOMINADA " SANEAMENTO EN**

**RIBADAVIA".-** Examinado o expediente denominado " SANEAMENTO EN RIBADAVIA", unha vez procedida a apertura de plicas, a Comisión Municipal de Goberno, por unanimidade, acorda: 1º.- Declarar válido o acto de licitación.- 2º.- Adxudicar definitivamente a subhasta para contratación da obra " Saneamento en Ribadavia", a Don Marcos Dorado Requejo, con domicilio na Carreteira de Rairo-Camino Viejo Santa Marina, en Ourense, polo prezo de 8.203.640 pesetas, IVE incluído, por ser a proposición máis avantaxosa das presentadas.- 3º.- Devolve-las garantías provisionais a tódolos licitadores, excepto ó adxudicatario que será requerido para a constitución da garantía definitiva. Na súa consecuencia esta Comisión de Goberno dispón que se lle notifique á empresa adxudicataria esta decisión ós efectos de que presente os documentos preceptivos e o documento que acredite a constitución da garantía definitiva citándolle para a formalización do correspondente contrato administrativo no prazo de dez días dende a data da notificación da presente.

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non se formularon.

E sendo as tres da tarde, o Sr. Alcalde ergueu a sesión, estendéndose a presente, da cal, coma Secretario accidental, certifico.